

ANEXO VIII

ÍNDICE DA MEMORIA TÉCNICA
IN852A – AXUDAS DE I+D EMPRESARIAL**0. RESUMO DO PROXECTO**

Breve descrición do proxecto. Resumir as novidades tecnolóxicas que inclúe o proxecto, así como os obxectivos e resultados que se perseguen co mesmo. Non incluír información confidencial. A información fornecida neste apartado concreto da memoria podería empregarse para usos de difusión.

1. CONTIDO CIENTÍFICO-TÉCNICO DO PROXECTO

- a) Obxectivos científico-tecnolóxicos: Descrición dos obxectivos e resultados esperados tanto en termos de resultados científicos como de resultados comercializables e prazo aproximado para acadalos.
- b) Antecedentes e estado do arte nacional e internacional. Xustificación da novidade que supón o proxecto respecto destes antecedentes. De ser o caso, descrición das investigacións que deron orixe a esta tecnoloxía.
- c) Estado actual de desenvolvemento. Explicar e xustificar claramente o nivel de TRL (Technology readiness level) no que se atopa a tecnoloxía e ata que nivel se pretende chegar co presente proxecto.
- d) Dimensión da innovación proposta (rexional/estatal/europea/global) con respecto tanto á súa potencial comercialización como ás tecnoloxías competidoras.
- e) De ser o caso, descrición detallada e xustificada da colaboración no proxecto con universidades, organismos de investigación, centros hospitalarios, centros tecnolóxicos radicados en Galicia ou con organismos científicos con recoñecemento internacional. Deberase xustificar a súa contribución e adecuación aos obxectivos e actuacións do proxecto.
- f) Facer unha proxección dos posibles proxectos futuros que se poderían derivar a partir do proxecto solicitado nesta convocatoria.

2. IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO**2.1. Descrición do plan de traballo**

2.1.1 Identificación e descrición dos paquetes de traballo (PT) e actividades (A). Deberase indicar os seus obxectivos científico-tecnolóxicos específicos e as entidades participantes, entre outros. Deberase explicar que actividades comprenden cada paquete de traballo e xustificar a súa contribución para a consecución dos obxectivos e retos establecidos para a actuación.

Para a xustificación do plan de traballo establecido para o proxecto, deberase indicar o contido mínimo que se inclúe na seguinte táboa:

PAQUETE DE TRABALLO (PT)	
Data de inicio	
Data de fin	
Obxectivos	
Actividades (A)	
Subcontratacións (de existir)	



2.1.2 Descrición das actividades e tarefas asociadas

Nº de Actividade	Título da Actividade		
Data de inicio		Data de fin	
Responsable da actividade			
Obxectivos da Actividade			
Tipo de actividade (investigación industrial ou desenvolvemento experimental)			
Descrición da Actividade e Tarefas a realizar			
Resultados e Indicadores medibles que permitan recoller os avances obtidos durante a execución do proxecto			
Entregables			

2.1.3 Cronograma das fases/actividades previstas (Gantt, PERT)

Deberase achegar unha táboa co contido mínimo que se sinala a continuación:

Ano	2026												2027												2028											
Meses	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	X	F	M	A	M	X	X	A	S			
Paquete de traballo (PT1)																																				
Actividade 1 (A1.1)																																				
Actividade 2 (A1.2)																																				
Paquete de traballo (PT2)																																				
Actividade 1 (A1.1)																																				
Actividade 2 (A1.2)																																				

Dada a importancia de coñecer o cronograma detallado do proxecto, é obrigatorio identificar no cadro anterior os prazos para a consecución dos resultados esperados (prototipos, entregables, etc.).

2.2. Descrición detallada do orzamento

Deberanse describir con detalle os distintos conceptos de gasto empregados para a execución do proxecto e as súas razóns de necesidade, segundo a tipoloxía dos custos subvencionables establecidos nesta convocatoria.

Persoal



**ANEXO VIII
(continuación)**

Descrición das persoas traballadoras da empresa solicitante que formarán parte do equipo investigador do proxecto

NOVA CONTRATACIÓ N	NIF	SEXO	NOME	APELIDO 1	APELIDO 2	CARGO NA EMPRESA	TIPO TITULACIÓ N	ESPECIALIDADE	G. C.	DIRECTIVO OU XERENCIAL AUTÓNOM O	PRINCIPA IS FUNCIÓN S (*)
SI/NO											

(*) A continuación da táboa, para cada persoa participante no proxecto deberánse describir as actividades do cronograma nas que participará e as tarefas que desenvolverá nelas. Deberán xustificarse as horas dedicadas ao proxecto de conformidade coas actividades e tarefas realizadas. Non será suficiente unha xustificación xenérica que non permita valorar a adecuación, pertinencia e verificabilidade do tempo imputado.

Equipamento e material instrumental de nova adquisición

DESCRICIÓN DETALLADA (*)	ACTIVIDADE/S EN QUE SE UTILIZARÁ	IMPORTE ADQUISICIÓN	DATA ADQUISICIÓN	COTA AMORTIZACIÓN	% DEDICACIÓN	ORZAMENTO
TOTAL						

(*) A continuación da táboa, deberase indicar detalladamente o equipamento que se solicita para o proxecto, a súa finalidade, así como o procedemento de cálculo dos custos de amortización.

Materiais, subministracións e produtos similares

DESCRICIÓN DETALLADA (*)	ACTIVIDADE/S EN QUE SE UTILIZARÁ	ORZAMENTO
TOTAL		

(*) A continuación da táboa, deberase explicar detalladamente a necesidade dos materiais funxibles que se solicitan para o desenvolvemento do proxecto, así como a cuantificación dos mesmos.

Adquisición de patentes

DESCRICIÓN DETALLADA	ACTIVIDADE/S	ORZAMENTO
TOTAL		

Subcontratacións (inclúe servizos tecnolóxicos externos)

DESCRICIÓN DETALLADA	TIPO ENTIDADE	ACTIVIDADE/S	ORZAMENTO

TOTAL

(*) Dado que os subcontratistas desenvolven unha parte do proxecto, deberán explicar detalladamente as actividades técnicas que desenvolven nel, e xustificar por que non pode desenvolver a entidade solicitante esas actividades con medios propios. Así mesmo, deberá argumentarse o custo de cada subcontratación.

Neste apartado inclúense os servizos tecnolóxicos externos, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencia técnica e servizos equivalentes. Deberán xustificarse os servizos tecnolóxicos externos empregados, no seu caso, e a súa necesidade para o desenvolvemento das actividades do proxecto.

Informe avaliación DNSH ³

ENTIDADE AUDITORA	ORZAMENTO

Outros custos: Plan de Comunicación⁴

ENTIDADE EXTERNA	ORZAMENTO

2.3 Procedementos de xestión previstos:

Explicarase a estrutura organizativa do proxecto e os seus mecanismos de xestión e seguimento; describirase tamén se existe un plan de análise das dificultades xurdidas na consecución dos fitos técnicos, e a existencia dun plan de continxencias específico para o proxecto.

2.4. Efecto incentivador

Xustificación de como a axuda fará que a entidade solicitante emprenda actividades complementarias que non realizaría, ou que realizaría dun xeito limitado ou diferente.

2.5. Estratexia de protección dos resultados do proxecto

Describiranse o estado actual de protección da tecnoloxía, e no seu caso, e estratexia de protección dos resultados do proxecto.

3. IMPACTO TECNOLÓXICO E SOCIOECONÓMICO DO PROXECTO**3.1. Explotación dos resultados agardados e orientación ao mercado do proxecto**

3.1.1. Describa as potenciais vantaxes comerciais da tecnoloxía en relación coas solucións actuais existentes no mercado ou en proceso de desenvolvemento.

3.1.2. Estratexia para a comercialización dos novos ou mellorados produtos que se espera obter.

3.1.3. Mercado potencial e capacidade para a apertura de mercados. Indique se o proxecto pode dar lugar a novos investimentos industriais derivados das fases posteriores ao desenvolvemento da tecnoloxía (industrialización, novas instalacións produtivas ...).

3.1.4. Tempo esperado de chegada ao mercado.

3.2. Complementariedades e sinerxías con outras políticas e xeración de emprego

3.2.1. Implicacións ambientais do proxecto: consonancia co Pacto verde europeo.

3.2.2. Investigación e innovación responsable. Explicarase o aliñamento dos obxectivos do proxecto con algún ou algúns dos seguintes criterios:

- a) A I+D realizada axudará a mellorar a calidade de vida e a saúde da cidadanía.

³ O custo derivado do informe de avaliación DNSH, non poderá superar os 1.500 euros por proxecto (artigo 13.1).

⁴ Será subvencionable o custo derivado da contratación externa da execución do plan de comunicación e difusión do proxecto ata un máximo de 1.000€ (artigo 13.2) por beneficiario no total do proxecto

b) A I+D realizada terá un impacto positivo na conservación ambiental e/ou dará lugar a unha relación máis sustentable entre a sociedade, a industria e o ambiente.

c) A I+D realizada axudará a aumentar o coñecemento, a concienciación e a comprensión da ciencia, da enxeñaría e da tecnoloxía entre a sociedade en xeral.

d) A I+D realizada axudará a mellorar a reputación internacional da rexión.

e) A I+D realizada cumpre cos criterios éticos da investigación.

3.2.3. Igualdade de xénero: participación equilibrada de mulleres no equipo humano do proxecto.

3.2.4. Indicar se existe integración de persoas con diversidade funcional no equipo humano que participa no proxecto.

3.2.5. Plan de comunicación e difusión: describir como se organizará, como se pretende divulgar os obxectivos previstos para o proxecto, cales serán as actividades de comunicación propostas, os indicadores para medir os resultados destas e o público ao que van dirixidas (comunidade científica, usuarios finais, sociedade en xeral...).

4. DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

1. Breve historial da entidade.
2. Capacidade investigadora da entidade (medios materiais e instalacións de I+D que utilizarán no proxecto e traxectoria investigadora). Deberase describir a capacidade que ten a entidade para poder asumir as tarefas previstas de acordo coa súa experiencia previa.
3. Medios produtivos dispoñibles, produtos/servizos que comercializan e breve descrición da súa organización comercial e do seu posicionamento no mercado.
4. Descrición da capacidade técnica do equipo humano que participa no proxecto, de acordo coa súa formación e experiencia.
5. Relación de proxectos de I+D relacionados levados a cabo previamente pola entidade e cuxos resultados son útiles para o desenvolvemento das tarefas do proxecto que se solicita.

5. INFORMACIÓN RELATIVA A STEP *(a cubrir só por aqueles proxectos que se consideren STEP. Neste punto deberán redactarse as respostas ás preguntas formuladas no cuestionario de cumprimento co Regulamento STEP)*

Axencia Galega de Innovación



**Cofinanciado pola
Unión Europea**



Fondos Europeos